

- Os nosos inconscientes políticos dan licencias para perforar o fondo do mar en busca de petróleo, sen idea de como evitar a contaminación... Os bancos e os mercados do diñeiro si que vos preocupan. Cando non haxa peixes: ¿comeremos billetes de banco? ¿Que opinades vós disto?

- O cambio climático é real, e catastrófico para millóns de persoas. Pero aos ricos, coma nas novelas, só vos preocupan as súas ganancias...

Xa vedes que a realidade supera á ficción. No voso futuro (no futuro de todos) teremos que ser activistas como Said e Sheila para defender o noso planeta. E tamén para defender a nosa fala: o galego, que tamén é biodiversidade.

En todo caso, de os meus

libros, ademais de para entretervos os serven para falar e para pensar en cousas destas, sinto que o meu traballo - moitas veces, solitario e desalentador - como escritor serviu para algo...

Moitas grazas polo voso interese e alento. Sabedes onde tedes un amigo para o que queirades. Unha aperta moi forte!!

Raunión Canide

P.S. Descul páde-me a tardanza en respostar, pero estes días das Letras Galegas non son quen de dar atendido todos os compromisos)